

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2024

Ás 10:45 horas do día 1 de febreiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de xaneiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D. Fernando González Abeijón, representante do PP  
D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG  
D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos  
D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investmentos  
D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (asiste aos puntos 2a, 2b, 2c, 2d, 3a, 3b, 3c e 3d)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2c, 3c e 7a)  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez, xefa do departamento administrativo da Alcaldía (asiste aos puntos 2d e 3d)  
D<sup>a</sup>. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 5a e 6a)  
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 9a e 10a)  
D<sup>a</sup> Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (asiste ao punto 11a)  
D<sup>a</sup>. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a EULEN, S.A., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón e D. Xabier Pérez Igrexas:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  - 1. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (Lote 2)
  - 2. ATENEA, S.A.U. (Lote 2)
  - 3. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (Lote 2)
  - 4. S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L. (Lote 1)
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
  - 1. PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN ,S.L. (Lote 1). En concreto deberá presentar:
    - Novo DEUC no que dea resposta, na Parte IV "Criterios de selección" á pregunta, "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección - Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos. Indique la respuesta", xa que no DEUC presentado non figura a devandita pregunta e, polo tanto, tampouco a resposta á mesma.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de tres días a BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO ,S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

En concreto deberá presentar:

- Novo Anexo II do PCAP, no que indique se se compromete ou non adscribir os medios persoais esixidos no apartado 5.F do Anexo I -FEC- do PCAP.

**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CARLOS FERNANDEZ POL (Lotes 1 e 2)
2. EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1)

Polo que respecta aos lotes 3, 4 e 5, a secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 30 de xaneiro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101).

**Segundo.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 1 de febreiro de 2024, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o lote 3: "Placas conmemorativas de bronce para colocación en espazos exteriores", o lote 4: "Placas conmemorativas en aceiro inoxidable para colocación en espazos interiores e exteriores" e o lote 5 "Métopa sobre metacrilato con escudo de Vigo feito de porcelana ou calquera outro material para entrega en actos institucionais" segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 31 de xaneiro de 2024.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados no lote 3: "Placas conmemorativas de bronce para colocación en espazos exteriores", no lote 4: "Placas conmemorativas en aceiro inoxidable para colocación en espazos interiores e exteriores" e no lote 5 "Métopa sobre metacrilato con escudo de Vigo feito de porcelana ou calquera outro material para entrega en actos institucionais" deste procedemento, procede declarar desertos os mesmos.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) - Lote 3: "Placas conmemorativas de bronce para colocación en espazos exteriores", Lote 4: "Placas conmemorativas en aceiro inoxidable para colocación en*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



*espazos interiores e exteriores” e Lote 5 “Métopa sobre metacrilato con escudo de Vigo feito de porcelana ou calquera outro material para entrega en actos institucionais” por non terse presentado ningún licitador en ningún deles tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.”*

### 3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliábel mediante xuízo de valor” do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

#### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)

Retírase da orde do día por ser necesario pedir emenda a un dos licitadores presentados tal e como figura no punto 2b.

#### c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

Retírase da orde do día por ser necesario pedir emenda a un dos licitadores presentados tal e como figura no punto 2c.

#### d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliábel mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

#### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 29 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura das proposicións avaliables mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido o seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao servizo (técnico/a de biblioteca) na xestión de fondos de documentación (a maiores do mínimo de 6 meses)
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	52.857,44 €	24,6 meses a maiores

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao servizo (técnico/a de biblioteca) na xestión de fondos de documentación (a maiores do mínimo de 6 meses)
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	35,00	20,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (44,50 puntos), a puntuación total é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	44,50	55,00	99,50

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	99,50

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

## 7. Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 26 de xaneiro de 2024, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.
2. SEGURDADES, S.L.

### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 29 de xaneiro de 2024 de valoración da "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

### 10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) na seguinte orde descendente:

#### - LOTE 1

	Licitador	Puntuación
1	BENITO URBAN, S.L.U.	95,00
2	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	78,88

#### - LOTE 2

	Licitador	Puntuación
1	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	100

#### - LOTE 3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



	Licitador	Puntuación
1	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	100

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI."

## 11. Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a REBOREDADA MARTINEZ ANTONIO, SLNE en 16 de xaneiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo do ingreso da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do "SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do servizo de Deportes en data 21.07.2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 24.07.2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de OITENTA E CATRO MIL CENTO DEZAOITO EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (84.118,50 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 14.599,08 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6320015 (INVEST. PISCINA TEIS), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	84.118,50
------	-----------

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais o 29 de decembro de 2023.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441), na seguinte orde descendente:*

Orde	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE	79,00

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



*particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBORDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 24 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos sociais nos que figura o administrador único.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incurso en prohibición en contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (48.663,59 €), presenta as contas de 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (58.882,95 €), presenta facturas con suxeitos privados e públicos. Tendo en conta, unicamente, as facturas con suxeitos privados do ano 2023 o importe total, das mesmas, supera a cantidade citada.
- Para a constitución da garantía, presenta xustificante de transferencia por un importe de 3.410,62 €, que cobren a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente certificado da Tesourería do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de febreiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 28 de novembro de 2023 e 8 de xaneiro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión deste procedemento de ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais o 29 de decembro de 2023.*
2. *Adxudicar a REBOREDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441) cun prezo total do contrato de 82.537,04 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.324,61 € euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto de servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos Centros Municipais de Distrito (CMDs) e a prestación dos servizos técnicos e de mantemento do equipamento audiovisual e maquinaria escénica e de seguridade, do auditorio do Centro Municipal de Distritos de Tei (11048-320)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Lémbrese que o 16 de xaneiro de 2024 se notificou a resolución de clasificación a APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación requirida o día 22 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días a APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2) para que poida emendar a seguinte documentación:

1. Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato reflectidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:

**- Medios persoais:**

LOTE I "Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saiáns e Teis":

1. Un (1) Técnico/a con experiencia de cando menos tres (3) anos en tarefas relacionadas no traballo de mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos.
2. Un (1) Técnico/a con experiencia de cando menos tres (3) anos en tarefas relacionadas coa asistencia técnica por medios telemáticos e telefónicos.

LOTE II "Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos":

3. Un (1) Técnico/a con experiencia de cando menos tres (3) anos en tarefas relacionadas no traballo de mantemento e reparación de equipos informáticos, redes de datos, equipamento audiovisual, iluminación e equipamento escénico.
4. Un (1) Técnico/a con experiencia de cando menos tres (3) anos en tarefas relacionadas coa asistencia técnica por medios telemáticos e telefónicos.

**- Medios materiais:**

LOTE II "Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos":

Un equipo informático multipantalla, para a xestión de proxección de imaxe con saídas dixital, analóxica e HDMI, saídas para o control de son dixital e analóxica na mesa de mesturas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:11	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-EDB93A-ABC653-338VDC-PC7MJX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		